

Resolución da Presidencia de 23 de setembro de 2019 pola que se corríxen erros na do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Advertido un erro na Resolución do 11 de agosto de 2019 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº530 do 13 de setembro de 2019), pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, procedese á súa corrección no seguinte sentido:

1.- Excluir da listaxe do Anexo da Resolución, no apartado A) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, ás seguintes persoas:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
25	MONTERO ARES	INÉS	***8685**
30	OJEA GONZÁLEZ	MÓNICA	***0368**

2.- Incluir nas listaxes do Anexo de dita Resolución, no apartado B) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN, ás seguintes persoas:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
7	PÉREZ FEAL	SANDRA	***7999**	3
8	MONTERO ARES	INÉS	***8685**	4
9	OJEA GONZÁLEZ	MÓNICA	***0368**	4

Causas de exclusión:

- 1) Non achegar modelo de solicitude dentro de prazo conforme á cláusula terceira.
- 2) Non achegar copia do Documento Nacional de Identidade conforme á cláusula 3.1.
- 3) Non ter aboados os dereitos de exame conforme ao disposto na cláusula 3.1 e 3.2.
- 4) Defecto no aboamento dos dereitos de exame, conforme ao disposto na cláusula 3.1 e 3.2. *(exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia).*

3.- No apartado B) do Anexo da resolución, onde figura "RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN", debe dicir "RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS PENDENTES DE SUBSANAR DOCUMENTACIÓN E PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN".

Esta corrección de erros implica, só para as persoas afectas por esta resolución, a apertura dun novo prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso o motivo da exclusión provisional.

Contra a presente resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente